

REGULAMENTO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

TITULO I. FUNCÍONS, ATRIBUCÍONS E COMPOSICIÓN

Art. 1. FUNCÍONS

A Facultade de Ciencias da Comunicación da Coruña (no sucesivo a Facultade) é o centro da Universidade da Coruña (no sucesivo a Universidade) encargado da organización, da coordinación, do seguimento, da avaliación e da xestión administrativa do ensino universitario que conduce á obtención do título de licenciado en Comunicación Audiovisual e doutros estudos que lle foren asignados no ámbito da comunicación audiovisual e outros campos afíns. Así mesmo, a Facultade promoverá e coordinará a investigación interdisciplinar no ámbito da comunicación.

Art. 2. ATRIBUCÍONS

Son atribucións da Facultade:

- a. A organización, a coordinación, o seguimento, a avaliación e a xestión administrativa do ensino universitario que lle for asignado no ámbito da comunicación audiovisual e doutros campos afíns.
- b. A elaboración das propostas de creación, modificación ou supresión dos planos de estudos destas ensinanzas.
- c. A promoción e a coordinación da investigación interdisciplinar no ámbito da comunicación audiovisual e doutros campos afíns.
- d. A coordinación e supervisión da actividade docente dos departamentos que interveñan no desenvolvemento dos planos de estudos da Facultade, e a avaliación docente do seu profesorado.
- e. A participación no goberno e a xestión da Universidade.
- f. A organización de actividades de Extensión Universitaria.
- g. Todas as funcións orientadas ao cumprimento adecuado dos seus fins, ou que lle atribúan a lexislación vixente ou os Estatutos e os regulamentos da Universidade.

Así mesmo, e con carácter xeral, a Facultade poderá organizar cursos dirixidos, ou non, á obtención de títulos ou diplomas académicos, e promover convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas.

Art. 3. COMPOSICIÓN

A Facultade estará integrada por:

- a. O profesorado que imparta docencia nalgún dos seus planos de estudos.
- b. O estudiantado matriculado en calquera dos seus planos de estudos.
- c. O persoal de administración e servizos asignado expresamente á Facultade.
- d. Todas as persoas non incluídas nos apartados anteriores a que a lexislación e as normativas vixentes lles outorguen a condición de membros da Facultade.

TITULO II.- ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 4. CLASES DE ÓRGANOS

Os órganos colexiados de goberno da Facultade son a Xunta de Facultade e todas as Comisións que dependen desta.

Os órganos unipersoais de goberno da Facultade son o decano, os vicedecanos e o secretario académico.

CAPÍTULO 1: Xunta de Facultade

Art. 5. FUNCIONES

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de máxima representación, ao que lle corresponden as máximas funcións de normativa interna, control e expresión da posición e as aspiracións da comunidade da Facultade.

Art. 6. ATRIBUCIONES

Son atribucións da Xunta de Facultade:

- a. Elixir o decano e de ser o caso, revogalo según o regulamento electoral da universidade da Coruña.
- b. Elaborar ou modificar o Regulamento de réxime interno do centro.
- c. Elixir os membros das comisións que dependen da Xunta de Facultade que non teñan acceso directo en virtude do seu cargo.
- d. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se impartan no centro e informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
- e. Ratificar anualmente a xestión económica e xeral da dirección durante o ano anterior.
- f. Propor iniciativas e aspiracións, e manifestar a súa opinión sobre problemas que lle afecten á Universidade ou ao seu contorno.
- g. Achegarlle ao reitor, de ser o caso, a proposta de retirada da *venia docendi* a un/unha profesor/a cando a Comisión de Avaliación Académica promova unha acción neste sentido.
- h. Informar dos nomeamentos de doutores honoris causa.
- i. Decidir o agrupamento de titulacións, de ser o caso, para os efectos da representación dos estudantes nos órganos de goberno da Facultade.
- j. Todas aquelas funcións orientadas ao cumprimento adecuado dos seus fins, e as atribuídas á Facultade polos Estatutos ou polos regulamentos da Universidade vixentes.

Para o mellor cumprimento das súas funcións, a Xunta de Facultade poderá crear e disolver as comisións que considere oportuno.

Art. 7. COMPOSICIÓN

A Xunta de Facultade estará constituída por:

- a. O decano, que a convocará e presidirá.
- b. Os vicedecanos e o secretario, que tamén o será da Xunta.

- c. Todos os profesores con vinculación permanente á Universidade, co límite do 51 % do número total de membros da Xunta. Unha representación do resto do profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación que colabore na docencia nunha proporción do 12%, sempre que sexa posible.
- d. Unha representación dos estudantes nunha proporción do 28 %
- e. Unha representación do persoal de administración e servizos nunha proporción do 9%

Se non pertence á Xunta de Facultade, poderá asistir ás reunións, con voz mais sen voto, o profesorado que imparta docencia na Facultade e o profesorado visitante, así como a persoa que sexa a administradora do centro.

Art. 8. ELECCIÓNS DOS SEUS MEMBROS

As eleccións dos representantes do persoal académico, do estudiantado e do persoal de administración e servizos na Xunta de Facultade, realizaranse segundo o disposto nos Estatutos da Universidade vixentes.

Art. 9. CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA

A convocatoria da Xunta de Facultade en sesión ordinaria corresponderalle ao decano e farase pública cunha antelación mínima de setenta e dúas horas da data en que terá lugar.

A convocatoria incluirá a orde do día, e será preceptivo incluír os puntos seguintes:

- a. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
- b. Rogos e preguntas, se os houber.

As sesións ordinarias da Xunta de Facultade realizaranse dentro do período lectivo do curso académico, excluído cada período de exames e a súa semana anterior.

Incluirase un punto na orde do día da próxima reunión ordinaria da Xunta de Facultade se o solicitaren, con unha antelación de 48 horas, un 20% dos membros da Xunta de Facultade ou 2/3 dos representantes dun sector.

Non se poderán adoptar acordos na quenda de rogos e preguntas.

Art. 10. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE FACULTADE

Para a válida constitución da Xunta de Facultade será necesaria, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos seus membros. En segunda convocatoria, que se realizará media hora máis tarde, constituírase validamente cun terzo dos seus membros. En todo caso requirírase a presenza do presidente e secretario ou se é o caso, de quen os substitúa.

Art. 11. CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA

A Xunta de Facultade reunirase en sesión extraordinaria cando existiren temas de urxencia que o xustificaren. A convocatoria corresponderalle ao decano:

- a. Por iniciativa propia.
- b. Por iniciativa do 30% de membros da Xunta de Facultade.

Esta convocatoria farase pública cunha antelación mínima de corenta e oito horas respecto da data en que terá lugar.

A convocatoria incluirá a orde do día, que se reducirá aos temas que motivasen a reunión extraordinaria.

Art. 12. ADOPCIÓN DE ACORDOS

Para adoptar acordos deberán estar presentes o presidente da Xunta da Facultade e o secretario, o no seu defecto de quen legalmente lles substitúan, e máis da metade dos seus membros.

Os membros presentes adoptarán os acordos por asentimento ou por votación, en cuio caso adoptarase a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou de abstencións. No caso de empate decidirá o presidente.

Votarase sempre que o solicite algún membro da Xunta de Facultade. As votacións realizaranse, normalmente, a man alzada. Serán secretas por proposta do presidente ou dun mínimo de 5 membros da Xunta de Facultade, e sempre que se trate de acordos sobre persoas.

Redactaranse as actas das Xuntas de Facultade. As actas serán públicas.

CAPÍTULO 2. As Comisións

COMISIÓN DOCENTE E DE AVALIACIÓN ACADÉMICA

Art. 13. FUNCIONES

A Comisión Docente e de Avaliación Académica é o órgano da Xunta de Facultade con funcións de organización e control no ámbito do ensino que se imparte na Facultade. Poderá ter funcións executivas naqueles temas específicos que lle foren encargados pola Xunta de Facultade. É ademáis o órgano encargado da avaliación da actividade docente dos departamentos que imparten docencia no centro e do labor docente dos profesorado asignado á Facultade.

Art. 14. ATRIBUCIONES

Son atribucións da Comisión Docente e de Avaliación Académica:

- a. Adoptar as medidas necesarias para executar as directrices da Xunta de Facultade que se refiren aos estudos correspondentes.
- b. A organización xeral da docencia, é dicir: horarios, distribución de aulas, calendario de exames, e normativa académica en xeral.
- c. Controlar a calidade da docencia, o seguimento dos programas das materias, a coordinación entre elas, os métodos de ensino etc.
- d. Xerar e recoller as propostas de adaptación e desenvolvemento dos planos de estudos: posta en marcha e supresión de materias, estruturación das materias optativas en bloques de intensificación ou especialidade, control de matrícula e permanencia do estudantado etc.
- e. Estudar as solicitudes de validación e adaptación.
- f. Informar á Xunta de Facultade sobre a situación xeral e as actividades desenvolvidas, e solicitar a súa intervención cando se ultrapase o ámbito de actuación ou as atribucións específicas da Comisión.

Art. 15. COMPOSICIÓN

A Comisión Docente e de Avaliación Académica estará constituída por:

- a. Presidindo a Comisión, o decano, o vicedecano ou a persoa en quen se delegue.
- b. Un representante do profesorado doutor da Facultade.
- c. Dous representantes do persoal docente da Facultade.
- d. O secretario académico, que tamén o será da comisión
- e. O membro dos servizos administrativos da Facultade que sexa responsable da xestión no ámbito cuberto pola Comisión, con voz mais sen voto.
- f. Dous representantes do alumnado da Facultade.
- g. Os coordinadores, nomeados pola Xunta de Facultade, que foran necesarios para o funcionamento desta comisión.

Art. 16. ELECCIÓN DOS MEMBROS

A elección dos membros da Comisión Docente e de Avaliación Académica realizarase por designación da Xunta de Facultade.

Art. 17. CONVOCATORIA E ACTUACIÓN

A Comisión Docente e de Avaliación Académica convocaraa o seu presidente, ou por pedimento de dous dos seus membros.

Para que se constituía a Comisión Docente e de Avaliación Académica, e para adoptar acordos, deberán estar presentes o presidente, o secretario e máis da metade dos seus membros.

Os membros presentes adoptarán os acordos por asentimento ou por votación, en cuio caso adoptarase a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou de abstencións. No caso de empate decidirá o presidente.

COMISIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVICIOS E ACTIVIDADES

Art. 18. FUNCIONES E ATRIBUCIONES

A Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades é o órgano da Xunta de Facultade encargado do control da xestión dos servizos comúns da Facultade, así como dos medios empregados na docencia. Tamén se encargará de dinamizar a vida cultural do centro.

Son atribucións da Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades:

- a. Propor a distribución da partida de equipamento docente do centro, así como a dotación de medios para cubrir as necesidades de administración e servizos.
- b. Distribuír e controlar os espazos dedicados á investigación, á docencia e á administración da Facultade.
- c. Solicitar ás instancias oportunas a dotación de medios necesarios para o correcto desenvolvemento das funcións que ten asignadas.
- d. Facer un seguimento do edificio, da súa conservación e reparación.
- e. Levar a organización e coordinación das actividades alleas a docencia que se realicen no centro.

Art. 19. COMPOSICIÓN

A Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades estará constituída por:

- a. Presidindo a comisión, o decano, o vicedecano ou a persoa en quen se delegue.
- b. Un representante do profesorado doutor da Facultade.
- c. Un representante do persoal docente da Facultade.
- d. O secretario académico, que tamén o será da comisión
- e. Un representante do alumnado da Facultade.
- f. Un representante do persoal de administración e servizos da Facultade.
- g. O membro dos servizos administrativos da Facultade que sexa responsable da xestión no ámbito cuberto pola comisión, con voz mais sen voto.
- h. Os coordinadores, nomeados pola Xunta de Facultade, que foran necesarios para o funcionamento desta comisión.

Art. 20. ELECCIÓN DOS MEMBROS

A elección dos membros da Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades realizarase por designación da Xunta de Facultade.

Art. 21. CONVOCATORIA E ACTUACIÓN

A Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades convocaraa o seu presidente, ou por pedimento de dous dos seus membros.

Para que se constituía Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades, e para adoptar calquera acordo, deberán estar presentes o presidente, o secretario e máis da metade dos seus membros.

Os membros presentes adoptarán os acordos por asentimento ou por votación, en cuxo caso se adoptará a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou de abstencións. No caso de empate decidirá o presidente.

COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE

Art. 22. FUNCIONES

A Comisión de Garantía de Calidade é o órgano da Xunta de Facultade que participa nas tarefas de planificación e seguimento do Sistema de Garantía Interno de Calidade, actuando ademais como un dos vehículos de comunicación interno da política, obxectivos, plans programas, responsabilidades e logros deste sistema.

Art. 23. ATRIBUCIONES

Son atribucións da Comisión de Garantía de Calidade:

- a. Realizar o seguimento dos plans de calidade das titulacións que se imparten no centro.
- b. Coordinar e promover accións correctoras que estean destinadas a mellora da calidade da docencia.

- c. Elaboración e seguimento de calquera informe de avaliación de calidade que se lle solicite ao centro.
- d. Colaborar na elaboración e na actualización dos plans estratéxicos que correspondan ao centro no ámbito do plano estratéxico da UDC.
- e. Promover relacións cos axentes sociais e económicos que redunden no avance das titulacións e na inserción laboral dos egresados.
- f. Informar e realizar o seguimento dos programas académicos de mobilidade e de intercambio.
- g. Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asigne a Xunta de Centro.

Art. 24. COMPOSICIÓN

A Comisión de Garantía de Calidade estará constituída por:

- a. Presidindo a Comisión, o decano, o vicedecano ou a persoa en quen se delegue.
- b. O secretario académico, que tamén o será da comisión
- c. O profesor responsable de Garantía de Calidade do centro
- d. O profesor responsable da Titulación do centro
- e. O profesor responsable de Prácticas externas do centro
- f. O membro dos servizos administrativos da Facultade que sexa responsable da xestión no ámbito cuberto pola Comisión.
- g. Un representante do alumnado da Facultade.
- h. Os coordinadores, nomeados pola Xunta de Facultade, que foran necesarios para o funcionamento desta comisión.

Art. 25. ELECCIÓN DOS MEMBROS

A elección dos membros da Comisión Garantía de Calidade realizarase por designación da Xunta de Facultade.

Art. 26. CONVOCATORIA E ACTUACIÓN

A Comisión de Garantía de Calidade convocaraa o seu presidente, ou por pedimento de dous dos seus membros.

Para que se constituía a Comisión de Garantía de Calidade, e para adoptar acordos, deberán estar presentes o presidente, o secretario e máis da metade dos seus membros.

Os membros presentes adoptarán os acordos por asentimento ou por votación, en cuxo caso se adoptará a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou de abstencións. No caso de empate decidirá o presidente.

COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Art. 27. FUNCIONES

A Comisión de Normalización Lingüística é o órgano da Xunta de Facultade que ten como finalidade servir de nexo entre o Servizo de Normalización Lingüística e o centro, para garantir, no seu ámbito de actuación, a implementación das medidas establecidas no Plano e Normalización Lingüística da Universidade

Art. 28. ATRIBUCIÓN

Son atribucións da Comisión Normalización Lingüística:

- a. Propor actuacións e definir obxectivos conducentes a unha maior presenza da lingua galega no centro.
- b. Canalizar os intereses e as preocupacións dos membros da comunidade universitaria sobre calquera aspecto da normalización lingüística (queixas, suxestións...).
- c. Difundir información e recursos que resultaren de interese para a difusión da lingua galega (materiais do SNL, cursos ou xornadas de formación...).
- d. Fomentar a coordinación con outras comisións para o intercambio inter ou intrauniversitario de experiencias normalizadoras.

Art. 29. COMPOSICIÓN

A Comisión de Normalización Lingüística estará constituída por:

- a. Presidindo a Comisión, o decano, o vicedecano ou a persoa en quen se delegue.
- b. O secretario académico, que tamén o será da comisión
- c. Un representante do persoal docente
- d. Un representante do alumnado da Facultade.
- e. Un representante do PAS do centro
- f. Os coordinadores, nomeados pola Xunta de Facultade, que foran necesarios para o funcionamento desta comisión.

Art. 30. ELECCIÓN DOS MEMBROS

A elección dos membros da Comisión Normalización Lingüística realizarase por designación da Xunta de Facultade.

Art. 31. CONVOCATORIA E ACTUACIÓN

A Comisión de Normalización Lingüística convocaraa o seu presidente, ou por pedimento de dous dos seus membros.

Para que se constituía a Comisión de Normalización Lingüística, e para adoptar acordos, deberán estar presentes o presidente, o secretario e máis da metade dos seus membros.

Os membros presentes adoptarán os acordos por asentimento ou por votación, en cuxo caso se adoptará a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou de abstencións. No caso de empate decidirá o presidente.

CAPÍTULO 2. Órganos unipersoais da Facultade

Art. 36. DECANO

O decano é a máxima autoridade executiva da Facultade, desempeña a súa representación, exerce a súa dirección, preside os seus órganos de goberno, e vela pola execución dos acordos colexiados.

Art. 37. ATRIBUCIÓN DO DECANO

Son atribucións do decano, para alén das establecidas polos Estatutos da Universidade vixentes, as seguintes:

- a. Propor ao reitor, para a súa aprobación, as validacións de estudos realizados en centros docentes doutras universidades españolas ou en centros estranxeiros.
- b. Xestionar os bens e os ingresos obtidos pola realización de contratos, convenios e servizos, que revertan na Facultade de acordo coa normativa establecida polo Consello Social.
- c. Autorizar os gastos e as ordes de pagamento no ámbito da Facultade.
- d. Exercer as competencias propias en materia administrativa e de xestión de persoal que determine a Xunta de Goberno da Universidade.
- e. Presentar para que considere e sancione a Xunta de Facultade unha memoria anual, que poderá consultar calquera membro da comunidade universitaria.
- f. Todas aquelas competencias que non se lles atribúan expresamente neste regulamento a outros órganos de goberno da Facultade.

Art. 38. SUBSTITUCIÓN TEMPORAL DO DECANO

En ausencia do decano asumirá temporalmente as súas funcións o vicedecano.

Art. 39. FUNCIÓNS DO SECRETARIO ACADÉMICO

Correspóndelle ao secretario académico, ademais do establecido polos Estatutos da Universidade vixentes, o seguinte:

- a. Redactar as actas dos órganos de goberno da Facultade.
- b. Organizar e supervisar a matrícula do estudiantado.
- c. Dirixir o Rexistro Xeral da Facultade.
- d. Organizar as eleccións de decano e dos órganos de goberno da Facultade.

TITULO III.- SERVIZOS COMÚNS

Art. 40

A Facultade poderá crear ou suprimir servizos comúns de soporte á docencia, á investigación e á extensión universitaria. Ademais, fomentará a creación e a participación en servizos xerais para toda a comunidade universitaria.

A Xunta de Facultade poderá elaborar o Regulamento de funcionamento dos servizos comúns da Facultade, se o considerar necesario, e de acordo coas directrices da Universidade.